



## **PROXECTO DE DECRETO .../..., DO ....., POLO QUE SE CREA A CATEGORÍA ESTATUTARIA DE MÉDICO/A DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE .**

*A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, na redacción conferida polo Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, establece que cada servizo de saúde creará, modificará ou suprimirá as categorías do seu persoal estatutario de acordo coas previsións contidas no propio Estatuto Marco, e tendo en conta o criterio de agrupación unitaria das funcións, competencias e aptitudes profesionais, das titulacións e dos contidos específicos da función a desenvolver.*

Na actualidade, os servizos sanitarios enfróntase a importantes retos para dar resposta aos cambios derivados do progresivo envellecemento da poboación, o aumento dos pacientes crónicos, pluripatolóxicos e complexos así como a crecente demanda asistencial e o cambio en valores e expectativas da cidadanía acerca dos coidados da súa saúde.

Neste contexto e ante a necesidade dun cambio de paradigma, os servizos sanitarios iniciaron un progresivo proceso de ambulatorización da asistencia sanitaria, ao que contribuíron os avances tecnolóxicos e terapéuticos. Así, fíxose imprescindible despregar unha estratexia que aborde alternativas á hospitalización convencional, que sexa capaz de garantir aos pacientes a mellor asistencia aos seus problemas de saúde co mínimo custo persoal e familiar, que teña un concepto transversal do proceso clínico e que sexa garante dunha transición adecuada entre a contorna hospitalaria e a domiciliaria, optimizando ademais a utilización dos recursos sanitarios.



Neste proceso xurde a hospitalización a domicilio (HADO), como unha alternativa asistencial que consiste nun modelo organizado capaz de dispensar un conxunto de atencións e coidados médicos e de enfermería de rango hospitalario (proporcionados por profesionais da saúde e recursos materiais propios do hospital), tanto en calidade como en cantidade aos pacientes no seu domicilio, cando xa non precisan da infraestrutura hospitalaria pero aínda necesitan de vixilancia activa e asistencia complexa. Cómpre engadir que diferentes estudos e revisións poñen de manifesto que a asistencia sanitaria dispensada pola HADO é efectiva, segura e eficiente, está moi ben valorada polos pacientes e repercute positivamente na calidade de vida dos mesmos. Isto unido á calidade da atención prestada polo equipos multidisciplinares expertos que integran as unidades e o seu importante papel na continuidade asistencial, fan que esta alternativa hospitalaria estea a posicionarse como un modelo asistencial consolidado e de futuro.

Trátase por tanto dunha actividade multidisciplinar que contribúe a humanizar a atención sanitaria, centrada no paciente, ao que lle proporciona maior autonomía e seguridade, fomenta a continuidade asistencial mediante a súa coordinación co nivel de atención primaria, proporciona uns resultados similares á hospitalización convencional, e permite a aplicación de políticas de eficiencia na xestión dos recursos públicos.

No ano 1959 a Organización Mundial da Saúde elaborou un informe técnico sobre a función dos hospitais na asistencia médica ambulatoria e domiciliaria, no que propugnaba a extensión das actividades hospitalarias fóra destes recintos, indicando que “un sistema eficaz de asistencia domiciliaria esixe que o doente reciba no seu domicilio unha asistencia equivalente, en canto sexa posible, á proporcionada aos doentes nun hospital”. Tamén postulaba que esta modalidade asistencial favorecía a individualización da asistencia médica, supoñía un aforro de prazas nos centros hospitalarios e comportaba un custo inferior respecto da hospitalización convencional.

Na actualidade, a hospitalización a domicilio é un servizo con demanda crecente que ten implicado a constitución de unidades específicas dentro das estruturas hospitalarias, debido á relevancia dos medios materiais e humanos implicados nesta modalidade asistencial.

A creación da categoría estatutaria de médica/o de hospitalización a domicilio, posibilitará establecer unha estrutura unificada e uns requisitos comúns de acceso, tanto das/os novas/os facultativas/os, como das/os médicas/os que actualmente desempeñan as funcións que nesta norma atribúenselle e que parten de diferentes situacións administrativas, de titulación e formación.

O decreto prevé a posibilidade de que o persoal fixo arestora vinculado ás categorías preexistentes e desempeñando funcións das de nova creación, poida integrarse nelas a través do correspondente proceso de integración, como corolario da expresión da vontade de cada profesional.

**A elaboración desta norma adecuouse ao disposto .... (normativa que regula a elaboración de disposicións de carácter xeral: Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ...).**

Este Decreto dítase trala preceptiva negociación na Mesa Sectorial ...

Na súa virtude, por proposta da consellería de Sanidade, ... Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día...,

**DISPOÑO:**

## Artigo 1. Obxecto

1. O presente Decreto ten por obxecto a creación, no Servizo Galego de Saúde, da categoría estatutaria de persoal médico de hospitalización a domicilio, dentro do colectivo de persoal estatutario sanitario de formación universitaria, de nivel licenciado con título de especialista en ciencias da saúde (subgrupo A1).
2. A prestación de servizos desta categoría desenvolverase no domicilio do/a paciente **lege da súa estabilización no hospital, ou cando polo seu estadio evolutivo se considere o propio domicilio como o mellor emprazamento terapéutico**, dentro da demarcación territorial da correspondente área sanitaria, así como no propio hospital de referencia.
3. O persoal médico da categoría estatutaria de médica/o de hospitalización a domicilio integrarase nas unidades ou servizos de hospitalización a domicilio no ámbito das institucións sanitarias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

## Artigo 2. Acceso

1. Para o acceso á categoría de médica/o de hospitalización a domicilio, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión do título universitario oficial de graduado/a, licenciado/a ou doutor/a en medicina e cirurxía; xuntamente co título **oficial** de médica/o especialista en **Medicina Familiar e Comunitaria, Medicina Interna ou Xeriatria**, expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; ou ben, de ser o caso, a certificación prevista no artigo 3 do Real Decreto 853/1993, do 4 de xuño, sobre exercicio das funcións de médico de medicina xeral no Sistema Nacional de Saúde. Cando se trate de títulos estranxeiros, será imprescindible posuír a correspondente resolución do seu recoñecemento ou homologación expedida polo ministerio competente.

Así mesmo, deberase posuír o permiso de conducir da clase B ou equivalente.

2. Será requisito para acceder á condición de persoal estatutario fixo desta categoría a superación das correspondentes probas de selección, convocadas en execución dunha oferta pública de emprego e consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

3. A selección do persoal temporal efectuarase polo procedemento que se estableza de conformidade co disposto no artigo 67 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

**4.** A selección e provisión de prazas de persoal estatutario na categoría de médico de hospitalización a domicilio nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde terán carácter periódico e programaranse en función da planificación eficiente das necesidades de recursos.

A oferta ou ofertas de emprego público negociaranse na Mesa Sectorial, e o número de prazas que se convoquen nos respectivos procesos de selección e concurso de traslados determinarase trala negociación na devandita mesa.

**5.** Para o acceso a estas prazas valorarase **necesariamente** a experiencia profesional en postos da mesma categoría estatutaria e/ou similar contido funcional prestados en unidades de hospitalización a domicilio, nos términos que determine a resolución de convocatoria.

~~Considerarase como mérito avaliable de forma específica nas convocatorias, a posesión do título de especialista en medicina familiar e comunitaria, medicina interna e xeriatria.~~

Na convocatoria **deberá** incluírse como mérito a formación específica nas áreas de hospitalización a domicilio.

### **Artigo 3. Réxime xurídico**

A relación do persoal da categoría creada neste decreto co Servizo Galego de Saúde regúlase pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde; pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e a normativa de desenvolvemento e complementaria aplicable ao persoal estatutario do organismo.

### **Artigo 4. Funcións**

1. O persoal desta categoría realizará todas as funcións e actividades inherentes ou derivadas da asistencia médica directa aos doentes no seu domicilio, así como o seu seguimento, en colaboración e coordinación co resto dos servizos hospitalarios e de atención primaria, de ser o caso, da correspondente xerencia.
2. As respectivas funcións desenvolveranse sen menoscabo da competencia, responsabilidade e autonomía dos/das profesionais doutras categorías e especialidades que actúen no correspondente equipo ou unidade asistencial.
3. Corresponderá, con carácter xeral, as/aos médicas/os de hospitalización a domicilio, desenvolver as seguintes funcións:
  - Valorar as solicitudes de ingreso de pacientes en Hospitalización Domiciliaria (HADO), procedentes de Atención Primaria ou Atención Hospitalaria, e decidir o ingreso cando proceda.
  - Responder en tempo e forma as interconsultas realizadas por outros profesionais de Atención Primaria ou Atención Hospitalaria.

- Prestar asistencia sanitaria aos pacientes ingresados a cargo da unidade de HADO, no seu domicilio e dentro do horario da unidade, tanto en visitas programadas como en urxentes.
- Decidir e organizar o traslado entre o domicilio do paciente e o centro hospitalario, dos pacientes que o precisen, para a realización das exploracións complementarias necesarias, administración de tratamentos ou para o ingreso do paciente, cando as circunstancias asistenciais aconsélleno.
- Informar ao paciente e/ou, no seu caso, aos seus familiares do seu proceso clínico, exploracións complementarias, diagnóstico, posibilidades de tratamento e actuacións previstas, riscos e outras posibilidades de tratamento, así como doutros aspectos que afecten á evolución do proceso.
- Unha vez finalizada a asistencia emitir o parte de alta do paciente en hospitalización a domicilio, así como entregarlle copia do informe clínico de alta.
- Elaborar os demais informes establecidos pola normativa de aplicación, nos casos en que corresponda.
- Supervisar o proceso asistencial e formativo do persoal ao seu cargo.
- Xestionar responsablemente, de maneira eficaz e eficiente, os recursos asignados.
- Participar no desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información do centro hospitalario relacionados coa súa actividade.
- Participar nos programas de investigación, no plan de formación, así como nas actividades de mellora da calidade e seguridade do paciente, relacionada coa súa actividade asistencial.
- Colaborar e coordinar a súa actuación asistencial coa do resto dos dispositivos de asistencia sanitaria dependentes **do Servizo Galego de Saúde, de atención primaria e hospitalaria, e da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, poñendo en valor o modelo de atención compartida cos profesionais deses dispositivos e dos centros residenciais.**
- Calquera outra relacionada, por razón do seu contido e finalidade, coas anteriores.

As funcións de organización e xestión recollidas nos apartados anteriores exercitaranse de acordo coas liñas organizativas marcadas pola dirección do centro.

### **Artigo 5. Cadro de persoal**

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e o control da Consellería de Sanidade, determinar o número de efectivos de persoal da nova categoría que poden prestar servizos con carácter estrutural.

Esta medida farase efectiva mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal, coas limitacións e de conformidade coas previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor.

### **Artigo 6. Retribucións e xornada**

As retribucións que perciban estes facultativos serán as mesmas que se establecen no Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, Lei 55/2003 do 16 de decembro, e nas disposicións complementarias de desenvolvemento para as/os facultativas/os especialistas de área no Servizo Galego de Saúde.

A xornada ordinaria anual das/os médicas/os de hospitalización a domicilio será a establecida **con carácter xeral para o antedito colectivo de persoal facultativo especialista de área.**

**O seu réxime de xornada poderá comprender a realización de xornada complementaria, como gardas médicas, de acordo coas necesidades asistenciais e organización funcional e do traballo existentes nas unidades de hospitalización a domicilio.**



## **Disposición transitoria primeira. Ordenación do persoal fixo adscrito ás actuais unidades de hospitalización a domicilio**

1. O persoal médico con nomeamento estatutario fixo que, con independencia da categoría **e especialidade** que posúa, estea adscrito á entrada en vigor deste decreto a unidades ou dispositivos de hospitalización a domicilio no Servizo Galego de Saúde e realizando funcións propias da categoría de nova creación, continuará no seu desempeño.
2. Unha vez que os correspondentes postos fiquen vacantes por calquera das causas legalmente previstas, e en función das necesidades asistenciais, serán amortizados e poderán transformarse, de ser o caso, en postos da categoría de médica/o de hospitalización a domicilio, de conformidade co artigo 5 deste decreto.
3. Non obstante, no prazo dos dous meses seguintes á data de entrada en vigor deste decreto, o persoal fixo citado no apartado 1 poderá optar pola integración na nova categoría de médico/a de hospitalización a domicilio, conforme ao modelo de solicitude recollido no anexo.

**O persoal integrado poderá solicitar o pase á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público na categoría de orixe.**

4. **O persoal que nese prazo non opte pola integración manterase en situación de activo na súa categoría. Porén, integrarase na actividade e prestación de servizos da unidade nas mesmas condicións, e coa mesma dependencia xerárquica e funcional, ca o resto do persoal.**



Este persoal poderá participar no concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal médico de hospitalización a domicilio. No caso de obter praza quedará integrado nesa categoría, e poderá solicitar o pase á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público na categoría de orixe.

**Disposición transitoria segunda. Ordenación do persoal temporal adscrito ás actuais unidades de hospitalización a domicilio**

1. O persoal médico con nomeamento estatutario temporal que, con independencia da categoría orixinaria, estea adscrito á entrada en vigor deste decreto as unidades ou dispositivos de hospitalización a domicilio no Servizo Galego de Saúde e realizando funcións propias da categoría de nova creación, continuará no seu desempeño, procedéndose no entanto á novación do seu vínculo estatutario.
2. A devandita novación suporá a extinción da vinculación orixinaria e a expedición dun novo nomeamento estatutario, asemade temporal, da categoría de médico/a de hospitalización a domicilio.

**Disposición transitoria terceira. Servizos prestados antes da entrada en vigor deste decreto.**

Os servizos prestados, antes da entrada en vigor deste decreto, como persoal médico nas unidades ou dispositivos de hospitalización a domicilio do Servizo Galego de Saúde, e debidamente certificados, terán a consideración de prestados na categoría de médico/a de hospitalización a domicilio nos procesos de selección, fixa e temporal, e de provisión que se formalicen para o acceso ás prazas da dita categoría.

**Disposición derogatoria única. Derrogación normativa**



Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente decreto.

### **Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa***

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto, no ámbito da organización e materias propias do seu departamento

### **Disposición derradeira segunda.- *Entrada en vigor***

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.





## ANEXO

### MODELO DE SOLICITUDE INDIVIDUAL PARA EXERCER O DEREITO Á INTEGRACIÓN NA CATEGORÍA ESTATUTARIA DE MÉDICA/O DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO CONFORME AO DECRETO .../..., DO ...

#### DATOS PERSOAIS:

- Primeiro apelido .....
- Segundo apelido .....
- Nome .....
- DNI/NIF .....
- Enderezo .....
- Concello .....

**DATOS PROFESIONAIS** (sinale cun X á categoría estatutaria de pertenza. De pertencer a varias, marque aquela na que se encontre na situación de servizo activo):

- Médica/o de urxencias hospitalarias  
adscrito á unidade de hospitalización a domicilio de .....
- Outra categoría [adscrita a unidades de hospitalización a domicilio]. Especificar categoría e unidade:  
.....

#### DATOS DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO DESEMPEÑADO:

- AREA SANITARIA de \_\_\_\_\_

A persoa abaixo asinante solicita a integración na categoría estatutaria de médica/o de hospitalización a domicilio conforme ao decreto .../2020, do ...

En ..... o ...,de ...,de 2020

(sinatura)

Diligencia: para facer constar que son certos os datos que a/o solicitante expón nesta solicitude.

En ..... o ...,de ...,de 2020

A/O Xerente da Área Sanitaria

Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde  
Edificio Administrativo San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)